

EIXE 2 | A Recuperación como meta

PHILAUTIA

Entidade executante

Asociación AGALURE (<https://agalure.com>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello da Coruña.

Persoas destinatarias

Calquera persoa de 12 a 80 anos de idade, cun diagnóstico de tentativa ou ideación de suicidio susceptible de axuda profesional sociosanitaria, sen distincións sociodemográficas, así como os familiares e contorna persoal das persoas usuarias.

Prevese que para o ano 2022 serán beneficiarias 160 persoas.

Obxectivos

Xeral: Reducir a taxa de suicidios e de tentativas, en comparación coa taxa media anual dos derradeiros 5 anos, abordando e tratando correctamente as condutas suicidas

Específicos:

Favorecer Adoptar medidas para a prevención do suicidio.

Reducir o acceso a medios para autolesionarse ou suicidarse.

Implementar a protección das persoas con elevado risco de suicidio así como a do seu entorno social e familiar.

Detectar precozmente o risco suicida.

Metodoloxía

Levaranse a cabo intervencións enfocadas á rehabilitación psicosocial da propia persoa como das contornas e contextos máis comprometidos nestas situación como o laboral, familiar e comunitario. Ditas intervencións son as seguintes:

EIXE 2 | A Recuperación como meta

A Integrated Supported Employment (ISE). Consiste en sumar a intervención WSST ao proceso antes mencionado que segue a intervención IPS. A WSST consiste na mellora das habilidades sociais como, por exemplo, unha comunicación efectiva con superiores, compañeiros/as de traballo ou clientes. Levase a cabo en sesións de 1,5 a 2 horas de duración. Nelas trabállase a comunicación verbal e non-verbal, a asertividade, imaxe persoal e social e habilidades básicas de conversación.

Tras iso, avánzase cara as habilidades básicas relacionadas co emprego.

A Assertive Community Treatment (ACT) Céntrase na asertividade e na modificación de condutas, hábitos e rutinas a través de sesión psicoeducativas co obxectivo de obter un compromiso co proceso de rehabilitación psicosocial. Por iso, esta técnica ofrece unha asistencia tanto grupal como individual de forma simultánea cos distintos profesionais sociosanitarios. Basa a súa intervención na inserción social e comunitaria mediante a mellora do nexo persoa-contorna.

Consiste en de forma individualizada, posibilitar a asistencia dos usuarios a avaliacións clínicas e de soporte nas épocas de crises, estas poden ser visitas a domicilio, asistencia psicosocial, asesoramento de apoio, terapias vía telemática, estratexias para confrontar o estigma social ou metas de emprego.

Terapia grupal: Realízanse en grupos reducidos (non máis de 10 usuarios por equipo profesional) con intereses e valores similares.

Apoio individual e familiar: Son plantexadas cara a modificación de hábitos e condutas desadaptativas dos usuarios e tamén cara situación de crise (con dispoñibilidade de 24 horas ao día e 7 días á semana) co obxectivo de reducir o tempo de actuación/intervención entre unha situación de crise e a atención profesional.

A Escala de Desesperanza de Beck (BHS), esta escala evalúa e analiza o risco suicida da persoa. Trátase dunha escala onde os ítems que a compoñen dotan dunha puntuación final, e en base a dita puntuación pódese avaliar o risco suicida da persoa.

Diagrama de depresión H.A.E.P. (H.A.R.D.). Permítenos valorar a intensidade da depresión si a padece o/a usuario/a en función da apreciación semiolóxica do risco de suicidio.

Community Based-Rehabilitation (CBR). Esta intervención ten por obxectivo a mellora/adaptación das contornas ocupacionais comprometidos pola adicción. Para acadar dito resultado, o equipo profesional desenrola intervencións tanto a nivel grupal como individual.

Intervención grupal: Podemos atopar dúas partes diferenciadas; a primeira, grupos con outros usuarios con demandas e diagnósticos similares; a segunda, organízase co entorno persoal dos usuarios que acoden ao centro

Intervención individual: Búscase a consecución dos obxectivos do proceso de rehabilitación establecidos entre o usuario e o equipo profesional de forma consensuada.